



A Coruña 2010

A cidade que le.

<http://acorunacultura.org/acidadequele>

grande manifestación pública a favor da lectura
Venres 23 abril 2010 / Día do libro

A CORUÑA CULTURA
*tamén é
cousa túa*



Concello da Coruña
Concellería de Cultura



A CORUÑA CULTURA
*tamén é
cousa túa*
síntea, vívea, transmítea...

A CORUÑA CULTURA
*tamén é
cousa túa*



Concello da Coruña
Concellería de Cultura

<http://acorunacultura.org/>

BIBLIOTECA MUNICIPAL DO CASTRILLÓN

Praza Pablo Iglesias s/n. 15009 A Coruña
Teléfono: 981 184 390. Fax: 981 184 391.
Correo electrónico: bcastrillon@coruna.es

BIBLIOTECA MUNICIPAL DE ESTUDOS LOCAIS

Rúa Durán Loriga, 10, 1º - 15003 A Coruña
Teléfono: 981 184 200 (Ext.: 16091) -
981 184 386. Fax: 981 184 385.
Correo electrónico: bestudiosl@coruna.es

BIBLIOTECA MUNICIPAL FÓRUM METROPOLITANO

Rúa Río Monelos, s/n - 15006 A Coruña
Teléfono: 981 184 298 Fax: 981 184 295.
Correo electrónico: bforum@coruna.es

BIBLIOTECA MUNICIPAL INFANTIL E XUVENIL

Rúa Durán Loriga, 10, baixo - 15003 A Coruña
Teléfono: 981 184 388. Fax: 981 184 385.
Correo electrónico: binfantil@coruna.es

BIBLIOTECA MUNICIPAL DE MONTE ALTO

Vereda del Polvorín 2, 3º - 15002 A Coruña
Teléfono: 981 184 382 Fax: 981 184 383.
Correo electrónico: bmontealto@coruna.es

BIBLIOTECA MUNICIPAL SAGRADA FAMILIA

Rúa Antonio Pereira 1, baixo - 15007 A Coruña
Teléfono: 981 184 392 Fax: 981 184 393.
Correo electrónico: bsagradaf@coruna.es

BIBLIOTECA MUNICIPAL OS ROSALES

Praza Elíptica, 1 - 15011 A Coruña
Teléfono: 981 900 719.
Correo electrónico: brosales@coruna.es

FUNDACIÓN BIBLIOTECA DA CASA CONSULADO

Rúa Panadeiras, 58 - 15001 A Coruña
Teléfono: 981 206 274. Correo electrónico:
bibliocasaconsulado@gmail.com

BIBLIOTECA PÚBLICA MIGUEL GONZÁLEZ GARCÉS

Rúa Miguel González Garcés, 1 - 15008 A Coruña
Teléfonos: 981 170 218 / 981 170 219.
Fax: 981 170 218 - 981 170 219
Correo electrónico: bppmgonzalezgarcés@xunta.es

BIBLIOTECA PROVINCIAL DA CORUÑA

Rúa Rego de Auga, 37 - 15001 A Coruña
Teléfono: 981 080 342. Fax: 981 080 344.
Correo electrónico: biblioteca.arquivo@dicoruna.es



“A BIBLIOTECA DO CONSULADO E AS XOIAS DA ILUSTRACIÓN TARDÍA”

Unha visita guiada o 2º xoves de cada mes, ás 18.00 h. para amosar á cidadanía a biblioteca da fundación pública máis antiga do estado e os seus fondos.

É preciso anotarse no número de teléfono 981 206 274 ou no correo electrónico: bibliocasaconsulado@gmail.com

VISITAS GUIADAS Á REAL ACADEMIA GALEGA

Para coñecer os fondos e pezas senlleiras que acolle esta institución, realízanse visitas guiadas todos os mércores de novembro ás 17.30 h. É preciso anotarse no teléfono 981 189 830, ext. 12026 ou no correo electrónico cultura@coruna.es.

OS XOVES NA SAGRADA

O encontro con culturas doutros países a través da súa música. Neste caso música do Brasil con Bernardo Tonasse, músicas e bailes do Senegal con Gal Sene, de Cabo Verde, Angola, Portugal e Galiza con Aline Frazão e César Herrans, Huayras do Ecuador, músicas do leste, Rusia, Ucraína...con Nadia Nikitina e reggae con Pinnaacle Roots Reggae Band.

Lugar: Biblioteca Sagrada Familia os días 21, 28 de outubro, 4 e 18 de novembro, 2 e 16 de decembro ás 19.30h. Os concertos complétanse co obradoiro “Desde a sabana africana á música máis occidental” no que se fará un percorrido desde os tambores ancestrais da sabana até a música occidental dos nosos días, o jazz, blues, rock, música latina... os días 13, 20 e 27 de novembro de 11.30 a 13.30 h.

OUTONARTE: Eu tamén animo!

O conto non remata na marxe dos libros e podemos facer que cobren vida de moitas maneiras. Unha delas é convertelo nun filme, e iso imos facer. A partir dun conto de OQO editora, os pequenos desenvolverán coa técnica stop motion a animación da obra, imaxe, voz e música. Na Biblioteca Infantil e Xuvenil os días 15, 22 e 29 de outubro.

CINEMA

No Fórum proxectarase no mes de outubro Chemíns de travesse de Manuel Poirier. Adaptación da novela “Carreteras secundarias” de Ignacio Martínez de Pisón. Días 28, 29 e 30.

TEATRO

Casa de muñecas de Henrik Ibsen. No Teatro Rosalía Castro representación. O 29-30 de outubro.

Farsa das zocas de Ricardo Carvalho Calero. O día 6 de novembro no Fórum.

CUN LIBRO DEBAIXO DO BRAZO

As Bibliotecas Municipais visitarán o Materno Infantil para agasallar o primeiro libro a nenos e nenas que nazan entre o 15 de novembro e o 15 de decembro e entregarlles o carné de asociado.

LETRAS NO MERCADO

No mes de outubro as Bibliotecas Municipais, saíran aos mercados promovendo a lectura, ofrecendo “canapés de lectura”, distribuindo polos postos do mercado libros e guías con recensións de obras, recomendacións de lecturas, etc. Do 21 ao 23 de outubro.

“RUTA DO BACALLAU”

Con motivo da celebración do Ano do Libro e da Lectura, as Bibliotecas Municipais saen aos Mercados Municipais. Unha compra diferente, alternativa, onde os libros e a literatura serán os grandes protagonistas.

Un percorrido animado e divertido por todo o mercado coa xente das bibliotecas, con parada en todos os postos, descubriendo sorpresas, xogando na sección téxtil, probando os mellores cafés, deixando voar a imaxinación entre as froitas e verduras, gozando coas riquísimas carnes, navegando entre os sosegados peixes, deixando para o final a mellor das reposterías.

Unha boa mestura para pasar un anaqueño coa máis saborosa das compañías: OS NOSOS LIBROS

Datas: do 25 ao 29 de outubro de 11.00 a 11.45 h. nos mercados de Elviña, As Conchiñas, Monte Alto, San Agustín e Praza de Lugo.

Sorteo: Participa nesta actividade e entrarás no sorteo dun lote de libros!!!

Inscrición: do 21 ao 23 de outubro nos Mercados Municipais, nos postos dos libros.

ACTIVIDADES NAS BIBLIOTECAS

• **Obradoiros de arrollos: cantar e contar desde o principio**

Para pais e nais que esperan bebé e queren recibilo con arrollos, nanas e contos, organízase un obradoiro nas Bibliotecas Municipais para aprender a cantarlles e contarlles aos máis pequenos. Con Gloria, do grupo musical “Mamá Cabra”. No mes de decembro.

• **Obradoiro de debuxo e/ou cómic**

Santy Gutiérrez desenvolverá divertidos exercicios para que rapaces e rapazas aprendan como ilustrar un conto infantil. Na Biblioteca do Castrillón, o día 20 de outubro.

• **Obradoiro de banda deseñada**

Repaso e posta en prácticas de elementos da linguaxe do cómic. Con Jacobo Fernández Serrano. Na Biblioteca de Monte Alto, o día 28 de outubro.

• **Obradoiro de escrita creativa**

A través de xogos de prestidixitación literaria, achegarémonos ás claves do proceso da escrita. Con Estibaliz Espinosa. Na Biblioteca de Estudos Locais os días 9, 11, 16 e 18 de novembro.

• **Obradoiro de aproximación á ilustración gráfica**

Dun xeito lúdico, seguiremos os pasos para a ilustración dun libro infantil. Con Óscar Villán Seoane. Na Biblioteca Infantil e Xuvenil, o día 26 de novembro.

• **Clubs de Lectura**

Para gozar da lectura compartida, grupos de persoas afeccionadas á lectura reúnen periodicamente para comentar e valorar un libro escollido das Bibliotecas Municipais, co apoio dun coordinador/a. Biblioteca Castrillón, todos os mércores de mes. Fórum, todos os martes de mañá e mércores pola tarde. Monte Alto, todos os martes de mes.

• **Escribir é xogar**

Obradoiro de escrita creativa para adolescentes. A primeira parte estará dedicada á relación da poesía e a música. Logo faranse lecturas desde autores clásicos aos máis contemporáneos para acabar escribindo os propios textos. Quen dixo que escribir era aburrido?. Dirixido por Pedro Ramos, será na Biblioteca Infantil e Xuvenil de Durán Loriga, todos os martes a partir do 19 de 18.00 a 20.00h.

• **Merendas con Contos**

Non esquezas que Fuco, Ratapón e a súa familia convidánonos a degustar unha succulenta merenda nas Bibliotecas Municipais. O menú, como non, CONTOS...de aquí e de alá, de antes e de agora. Non faltes á cita.

• **Concurso de Biblioclips**

A entrega de premios aos gañadores deste concurso, será na Biblioteca Sagrada Familia, o día 28 de outubro ás 19.30h.

CANTOS DE REIS

Obradoiros nas Bibliotecas Municipais para recuperar e continuarmos cantando a tradición do Nadal que perviviu ao longo dos séculos, para aprender os Cantos de Reis e seguirilles transmitindo parte do noso patrimonio ás vindeiras xeracións. Finalizan cun concerto participativo no Fórum

PROGRAMA DE LECER NO FÓRUM

No amplo abano de actividades que ofrece o programa de LECER no Fórum, aínda podes participar no obradoiro “As nosas letras”. Unha proposta de Dores Tembrás de explorar os distintos xeitos de ler, os modos con que nos enfrentamos á obra literaria desde a nosa propia literatura. Os mércores de 17.00 a 18.00h.

EXPOSICIÓN “ARS LIGATORIA”. ELABORACIÓN DE LIBROS ARTESANAIS

do 17 de novembro ao 9 de xaneiro na Sala de Exposición de Durán Loriga. Pór en valor o traballo artesanal no deseño e encadernación de libros. Faranse obradoiros de encadernación na Biblioteca Infantil e Xuvenil para o alumnado dos centros de primaria os días 22, 23, 25 e 26; para usuarios das bibliotecas o día 30 pola tarde.

EXPOSICIÓN “A CORUÑA NA CREACIÓN DO LIBRO GALEGO”

Neste 2010 celebramos o bicentenario da edición do primeiro libro escrito en galego: Proezas de Galicia. Do 13 de outubro ao 21 de novembro na sala de exposicións do Pazo Municipal.

EXPOSICIÓN “ROSALÍA SEMPRE VIVA. VIVA ROSALÍA”

Realizada pola Fundación Manuel María, fai un percorrido pola vida e obra da autora máis importante das nosas letras. Do día 8 ao 18 de decembro na Biblioteca do Castrillón.

EXPOSICIÓN “CARVALHO CALERO. DE PUÑO E LETRA”

Realizada pola AS-PG con motivo do centenario do seu nacemento. É unha homenaxe ao autor da primeira historia da literatura galega. Casa Museo Casares Quiroga do 30 de outubro ao 30 de novembro.

EXPOSICIÓN “M100guel”. (1910 – 2010) 100 anos de Miguel Hernández.

Mostra bibliográfica que recorrerá todas as Bibliotecas Municipais ao longo do último trimestre do ano.

XORNADAS “RICARDO CARVALHO CALERO: CIENCIA, LITERATURA E NACIÓN”

Un repaso polo miúdo á obra deste insigne ferrolán da man de recoñecidos especialistas. Organiza a Universidade da Coruña. Do 24 ao 27 de novembro, na Reitoría (Maestranza), e o sábado 27 na Casa Casares Quiroga. O día 24 espectáculo poético-musical ás 21.00 h. no Teatro Rosalía Castro con Uxía Pedreira e Fred Martins (Gratuito)

POETAS DI(N) VERSOS

No mes de novembro comeza de novo o ciclo de poesía que na anterior edición reuniu a poetas do Estado o tamén de Portugal. Unha vez máis, teremos oportunidade de gozar da poesía galega en comunicación e diálogo con outras voces poéticas. A cita será na Casa da Cultura Salvador de Madariaga unha vez ao mes.

GALEUSCA

Este ano A Coruña é a sede do Encontro de escritores galegos, vascos e cataláns. Organizado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), terá lugar do día 29 ao 31 de outubro na Biblioteca de Estudos Locais (r/ Durán Loriga). O encontro finaliza cunha actuación de Xabier Díaz o 31 ás 19.00h. (Entrada libre)

V ENCONTRO “NOVOS ESCRITORES”

É unha oportunidade para se encontrar e coñecer cales son as necesidades, proxectos e expectativas que dentro da nosa literatura teñen os novos creadores. Organiza a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG). Día 6 de novembro no Kiosco Alfonso.

MEMORIAL IBÁN TOXEIRO

Organizado pola A. C. Alexandre Bóveda, pretende achegar á cidadanía o teatro amador e manter viva a memoria do desaparecido mozo actor. Día 18 de novembro no Teatro Rosalía Castro. (Entrada libre)

